
I CONCURSO DE CANTO E PERCUSIÓN TRADICIONAL “ULTREIA”

A convocatoria do I Concurso de canto e percusión tradicional “Ultreia” ten a finalidade de mobilizar a todas as asociacións e entidades vinculadas á música tradicional cuxa actividade neste momento está paralizada por mor da crise sanitaria que tanto mermou o tecido asociativo e, especialmente, o afectivo. Coa vontade de continuarmos traballando xuntos a prol da cultura de noso e, dalgún xeito reencontrármonos, o Obradoiro de Cultura Tradicional Ultreia establece as seguintes bases.

1. Entidade organizadora:

Obradoiro de Cultura Tradicional Ultreia, mediante un evento a través da súa páxina de Facebook.

2. Participación:

- Poderán participar as asociacións ou entidades que o desexen, radicadas tanto na Comunidade Autónoma de Galicia coma no exterior.
- Constará dunha única modalidade: grupos de pandeireteiras e pandeireteiros.
- Os grupos poderán ser femininos, masculinos ou mixtos.
- O uso do traxe tradicional é obrigatorio.
- Só se permitirán instrumentos de tipoloxía tradicional galega.
- A actuación de cada grupo terá unha hora sinalada e realizarase en directo nun evento a través da páxina de Facebook do OCT Ultreia. A orde de actuación dos grupos establecerase previamente, segundo un sorteo.
- Cada grupo terá un tempo límite de actuación de 5 minutos, todo aquel que o supere, quedará descualificado.
- Na gravación deberán saír todas e todos os participantes e, de ser posíbel, en plano fixo.
- Poderán participar dende calquera lugar que o grupo desexe (interior ou exterior). Recoméndase ter a mellor cobertura posíbel, así como coidar a sonoridade do espazo, para facilitarlle ao xurado a mellor audición e visualización posíbeis.

3. Categorías

- A modalidade distribúese en tres categorías:
 - Categoría A: até os 12 anos.
 - Categoría B: a partir dos 12 anos até os 16.
 - Categoría C: a partir dos 16 anos.
- A categoría de cada grupo será determinada segundo a media de idade das compoñentes, pero ningunha delas poderá superar en 2 anos a idade máxima permitida.
- O concurso terá un máximo de 10 grupos por cada categoría, cuxa praza se reservará segundo rigorosa orde de inscrición.
- A organización reserva a posibilidade de suprimir algunha das categorías, caso non chegar ao mínimo establecido de tres grupos participantes.

4. Inscricións:

- A inscrición faráse exclusivamente a través do formulario: https://docs.google.com/forms/d/13SfIUVTZV0bOpaDcn2VYDx-cP-Jf_6dl1z2sDG4dwBw/edit
- Todas as agrupacións inscritas recibirán as instrucións pertinentes para facer a súa participación o máis sinxela posíbel.

5. Xurado:

- O xurado estará formado por 3 persoas alleas ao OCT Ultreia de sonada vinculación coa música e cultura tradicional galegas.
- As decisións do xurado serán inapelábeis. A cualificación acadada terá en conta a autenticidade e dificultade da peza, así como a afinación, execución e interpretación da mesma.
- O xurado non poderá deixar ningún premio deserto.

6. Premios.

1. Categoría A:
 - 1º premio: 180 €.
 - 2º premio: 100 €.
 - 3º premio: trofeo.
2. Categoría B:
 - 1º premio: 200 €.
 - 2º premio: 120 €.
 - 3º premio: trofeo.
3. Categoría C:
 - 1º premio: 250 €.
 - 2º premio: 150 €.
 - 3º premio: trofeo.

7. Prazos e datas:

- O prazo de inscrición comeza o día 15 de abril de 2021 e remata o 21 de maio de 2021 ás 14:00 horas.
- Unha vez finalizado o prazo, comprobarase que todos os grupos cumplan as bases.
- O concurso realizarase o 30 de maio de 2021, a través dun evento da páxina de Facebook do OCT Ultreia, ao que só terán acceso os participantes e o xurado.
- O horario do concurso será ás 11:30 h. para a categoría A, 12:30 h. para a categoría B e ás 16:30 h. para a categoría C.
- A emisión de todas as categorías e a entrega de premios efectuarase en aberto mediante a páxina de Facebook do OCT Ultreia o día 30 de maio de 2021, a partir das 18:00 horas.

8. Aceptación das bases:

- A participación no concurso implica a aceptación total das bases.
- Calquera dúbida resolverase no teléfono 692664359 ou no e-mail octultreia@gmail.com